XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 18 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Partido Popular contra o Alcalde de Vilaboa, por unha posible infracción do artigo 50 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 15 de febreiro de 2024, a representante xeral do Partido Popular presenta escrito (RE 515/2024), no que formaliza denuncia contra o Alcalde de Vilaboa D. César Poza González, por unha posible infracción do artigo 50 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), derivada da publicación de diversos mensaxes nas redes sociais con contido electoralista, ao respecto da cal efectúa, entre outras, as seguintes consideracións:

*"**...**O 13 de febreiro de 2024 o alcalde de Vilaboa publicou no perfil oficial da Alcaldía do Concello nas redes sociais Facebook e Instagram a seguinte mensaxe:*

❌*Ainda que parece cousa de entroido non o é. O PP anda a inventar investimentos en Vilaboa para maquillar o abadono e o olvido ao que teñen sometido a este municipio*
🛑*Como goberno reclamamos en moitas ocasións a reforma da PO-264 para dotala de seguridade vial; máis orzamento para facer a reforma do porto; melloras no colexio, etc, pero a Xunta só incluíu no seu orzamento para este ano 121.000 euros para Vilaboa*
⛔*Con mentiras, Galicia non funciona*
O texto acompáñase dunha imaxe do folleto promocional de campaña do Partido Popular no que encima da fotografía do candidato D. Alfonso Rueda engadiuse a palabra "MENTIRA"..."

No texto da denuncia insírense varias imaxes das mensaxes.

Finalmente solicita *"Que se admita a denuncia contra D. César Poza González, alcalde de Vilaboa e se ordene a inmediata retirada das publicacións e que se lle requira a que se absteña de publicar textos, imaxes ou vídeos semellantes, así como que se incoe o procedemento sancionador pola infracción cometida."*

2. O 16 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle ao Alcalde de Vilaboa copia da denuncia (RS 1387/2024) para os efectos de formular alegacións, extremo que se comunicou á representante xeral do Partido Popular (RS 1388/2024).

3. Transcorrido o prazo o Alcalde de Vilaboa non formulou alegacións.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro. O artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral determina que se entende por campaña institucional e electoral e a quen lle corresponde realizala. Determinando así mesmo que actos dos poderes públicos quedan prohibidos no período electoral. "*Los poderes públicos que en virtud de su competencia legal hayan convocado un proceso electoral pueden realizar durante el período electoral una campaña de carácter institucional destinada a informar a los ciudadanos sobre la fecha de la votación, el procedimiento para votar y los requisitos y trámite del voto por correo, sin influir, en ningún caso, en la orientación del voto de los electores. Esta publicidad institucional se realizará en espacios gratuitos de los medios de comunicación social de titularidad pública del ámbito territorial correspondiente al proceso electoral de que se trate, suficientes para alcanzar los objetivos de esta campaña.2*

2. Desde la convocatoria de las elecciones y hasta la celebración de las mismas queda prohibido cualquier acto organizado o financiado, directa o indirectamente, por los poderes públicos que contenga alusiones a las realizaciones o a los logros obtenidos, o que utilice imágenes o expresiones coincidentes o similares a las utilizadas en sus propias campañas por alguna de las entidades políticas concurrentes a las elecciones.

3. Asimismo, durante el mismo período queda prohibido realizar cualquier acto de inauguración de obras o servicios públicos o proyectos de éstos, cualquiera que sea la denominación utilizada, sin perjuicio de que dichas obras o servicios puedan entrar en funcionamiento en dicho periodo

4. Se entiende por campaña electoral, a efectos de esta Ley, el conjunto de actividades lícitas llevadas a cabo por los candidatos, partidos, federaciones, coaliciones o agrupaciones en orden a la captación de sufragios.

5. Salvo lo dispuesto en el apartado 1 de este artículo, ninguna persona jurídica distinta de las mencionadas en el apartado anterior podrá realizar campaña electoral a partir de la fecha de la convocatoria de las elecciones, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 20 de la Constitución.

Segundo. Na Instrución 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre a interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación ao obxecto e aos límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral, inclúe entre as accións institucionais permitidas, *"as campañas informativas*

que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos. Nestes casos o envío de cartas ou mensaxes aos interesados ou a inserción de anuncios en espazos ou lugares públicos ou en medios de comunicación, deberá limitarse estritamente a proporcionar información de interese xeral sobre a conclusión dunha obra pública, a posta en marcha ou o funcionamento dun servizo público, sen que poida conter connotacións electoralistas nin alusións ás realizacións ou logros obtidos polos poderes públicos afectados" [apartado cuarto punto b) e derradeiro parágrafo].

En actos financiados polos poderes públicos non se poderán realizar actuacións que teñan contido electoralista ou se empreguen como campaña de realizacións ou logros obtidos, resultando improcedente polo tanto, que as autoridades ou funcionarios realicen actos ou declaracións nese sentido (Ac. XEC do 8 de xuño de 2016, Ac. XEC do 14 de abril de 2011, Ac. XEC do 7 de abril de 2011).

A Xunta Electoral Central ten declarado reiteradamente que as administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas*: «El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas»* (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

Terceiro. A denuncia acredita que dende as redes corporativas da Alcaldía do concello de Vilaboa estase facendo propaganda electoral, por entender esta como toda acción tendente a persuadir ao cidadán para que emita o seu voto a favor dun candidato, ou, pola contra, dirixida a disuadir de semellante opción, sempre cunha proxección pública, polo que esta Xunta entende que se está a facer un uso indebido do perfil oficial que ten o Concello nas redes sociais e polo tanto estase a incumprir o deber de neutralidade que se lle impón a tódolos poderes públicos

Cuarto. Se entende, polo tanto, que o artigo 50 da LOREX ao establecer os limites das campañas, e das actuacións que en períodos electorais poden realizar os poderes públicos, determina que tanto incidir no sentido do voto, como captar sufraxios queda prohibido por residenciar nos partidos políticos e nas súas candidaturas o monopolio de captación de sufraxios. Xa que logo , o alcalde de Vilaboa non pode dende as redes corporativas do Concello influír na orientación do voto dos electores.

De conformidade con canto antecede, adóptase o seguinte

ACORDA

Estimar a denuncia e ordenar a retirada das redes sociais da citada publicación, sen que se aprecien motivos suficientes para incoar un procedemento sancionador.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 11:00 horas do próximo día 20 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal